



CONFERENCIA A NOSA ARTE



A colección de arte do Parlamento de Galicia



9 de marzo de 2026

10:30-11:30

AULA MAGNA



ESCOLA • SUPERIOR
DE • CONSERVACION
E • RESTAURACION
DE • BENS • CULTURAIS
DE • GALICIA



Real Academia Galega
de Belas Artes

PARLAMENTO
DE GALICIA



XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Nace en Pontevedra o 25 de novembro de 1953. Licenciado en Historia da Arte (1975) pola Universidade de Santiago de Compostela. Doutor en Historia da Arte (1981) pola Universidade de Santiago de Compostela. Premio Extraordinario de Licenciatura e de Doutoramento. Director, dende 1986, do Museo de Pontevedra. Director da "Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia"(Fundación Pedro Barrié de la Maza). Director do "Inventario de Bens Mobles da Igrexa en Galicia "(Ministerio de Cultura/ Consellería de Cultura). Membro do Padroado do Museo do Pobo Galego, do Centro Galego de Arte Contemporánea(CGAC) e do Museo Arqueolóxico Nacional (Madrid) (1999-2003). Presidente da Confederación Española de Centros de Estudios Locales (CECEL- CSIC) (1993-2001). Correspondente das Reais Academias da Historia, Belas Artes de San Fernando, Nacional de Belas Artes de Portugal e Santa Isabel de Hungría de Sevilla. Presidente da Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra. Secretario permanente do Xurado do Premio de Periodismo "Julio Camba". En 1989 é nomeado membro correspondente da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señorado Rosario. No 1998 é elixido académico numerario, ingresando no 1999 cun discurso sobre "O Mosteiro de Santa María de Franqueira durante a Idade Media". Comisario, entre outras, das exposicións "Santiago de Compostela: 1.000 años de Peregrinación Europea"(encadrada no marco de Europa 85 e celebrada en Gante-Bélxica), "O Pórtico da Gloria e o seu tempo"(Santiago, 1988), "Galicia no Tempo"(Santiago, 1991), "Imaxes da Arte en Galicia" (Lisboa, 1991), Bienal de Arte de Pontevedra (Edicións de 1992, 1994, 1996, 1998, 2000, 2002, 2004, 2006 e 2008), "O Camiño de Santiago desde o aire" (A Coruña, 1993), "Do Tardogótico ó Manierismo: As relacións artísticas entre Galicia e Portugal" (A Coruña, 1995), "Arturo Souto" (A Coruña, 1997), "Arte de Cister em Portugal e Galiza" (Lisboa, 1998-1999), "Castelao: 1886-1950" (Pontevedra, 2000), "Arte Románica en Galicia e Portugal" (A Coruña, 2001), "Frei Martín Sarmiento (1695-1772)" (Pontevedra, 2002), "75 obras para 75 anos. Exposición conmemorativa do 75 aniversario da fundación do Museo de Pontevedra" (Pontevedra, 2003), "Os Pensionados da Deputación de Pontevedra, 1864-1933" (Pontevedra, 2003), "Caminos que hicieron Europa: Santiago y su peregrinación" (Bratislava -Eslovaquia- e Cracovia - Polonia-, 2004-2005), "A Virxe Peregrina". Iconografía e Culto" (Pontevedra, 2004), "Os Pensionados da Deputación de Pontevedra, 1940-1969" (Pontevedra, 2005), "Xosé Filgueira Valverde, 1906 - 1996. Un século de Galicia" (Pontevedra, 2006), "O Museo de Pontevedra. Pasado, presente e futuro" (Pontevedra, 2007), "Los Desastres de la Guerra. Goya no Museo de Pontevedra" (Pontevedra, 2008) e "O primeiro Laxeiro (1908 - 1942)" (Pontevedra, 2008). É membro de diversos organismos científicos, entre eles o Instituto de Estudios Galegos P. Sarmiento (CSIC), o Centre Européen de Recherches sur les Congrégations et Ordres Religieux (CERCOR), o Centro de Estudios Xacobeos, o Instituto Cultural Galaico-Minhoto, o Comité Español de Historia del Arte, o Consejo Internacional de Museos (ICOM), a Sociedad Española de Estudios Medievales e o Instituto de Estudos Medievais (Universidade Nova de Lisboa, Portugal).

Ditou numerosas conferencias, tanto en España como no estranxeiro (Portugal, Francia, Italia, Suíza, Bélxica, Eslovaquia, Polonia, México, Argentina, Uruguay, Tuníxia). Participou en múltiples Congresos Científicos, o mesmo nacionais que internacionais.

É autor de numerosas publicacións (máis de dúascentas cincuenta) sobre temas da súa especialidade. Está en posesión, entre outras distincións, da Medalla de Galicia, do Premio Cidade de Pontevedra e do Premio Voz del Año de la Cultura.